

CONVOCATORIA DE AXUDAS JUAN DE LA CIERVA

2018

Procedemento para a formulación da Oferta de Prazas da USC

Por resolución da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación publicáronse as convocatorias de axudas **JUAN DE LA CIERVA-FORMACIÓN** e **JUAN DE LA CIERVA-INCORPORACIÓN** no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Os prazos para a cumprimentación e sinatura polos **investigadores** do formulario electrónico de solicitude do Ministerio será:

JUAN DE LA CIERVA-FORMACIÓN, dende o 17 de xaneiro de 2019 ata o 31 de xaneiro de 2019 ás 15,00 horas (Hora peninsular).

JUAN DE LA CIERVA-INCORPORACIÓN, dende o 17 de xaneiro de 2019 ata o 31 de xaneiro de 2019 ás 15,00 horas (Hora peninsular).

As solicitudes dos investigadores entregaranse, xunto coa documentación indicada mais abaixo, na Oficina de Investigación e Tecnoloxía (campus de Santiago/Lugo), nos seguintes prazos

JUAN DE LA CIERVA-FORMACIÓN, Antes das 10,00 horas do 29 de xaneiro de 2018.

JUAN DE LA CIERVA-INCORPORACIÓN, Antes das 10,00 horas do 29 de xaneiro de 2018.

COFINANCIAMENTO

De non existir cofinanciamento externo, será necesario que o investigador/grupo ou unidade de investigación solicitante cofinancie o contrato. **Este ano a convocatoria de contratos Juan de la Cierva Incorporación establece unha duración contractual de tres (3) anos.**

REQUISITOS DOS CANDIDATOS JUAN DE LA CIERVA-FORMACIÓN

Os investigadores candidatos deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 42 da convocatoria específica do [subprograma Juan de la Cierva-Formación](#).

Non obstante, deberase ter en conta o seguinte:

Debe solicitar a incorporación nun centro de I+D distinto a aquel no que realizaron a súa formación predoutoral.

Un mesmo investigador unicamente poderá ser incluído como candidato na solicitude dun Centro de I+D.

Un investigador titor soamente pode figurar como tal nunha única solicitude. Enténdese por investigador titor aquel que será o responsable directo da tutela e orientación do desenvolvemento profesional do candidato.

Estar en posesión do grao de doutor.

No caso dos solicitantes da quenda de acceso xeral, a data de obtención do grao de doutor debe estar comprendida entre o día **1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2018**. Entenderase como data de obtención do grao de doutor, a data do acto de defensa e aprobación da tese doutoral.

Cando concorran algunhas das situacións que se citan no artigo 42 da convocatoria aplicarase unha ampliación da data límite inferior para a obtención do grao de doutor.

Non ter presentado solicitude de participación ás axudas RAMÓN Y CAJAL ou ás axudas JUAN DE LA CIERVA-INCORPORACIÓN, na presente convocatoria, á data de remate do prazo de presentación de solicitudes para estas axudas indicada no artigo 9 da convocatoria.

Non ter sido beneficiario dunha axuda das convocatorias anteriores das actuacións Juan de la Cierva, Formación Posdoutoral, Juan de la Cierva-Formación o Juan de la Cierva-Incorporación. Entendese por beneficiario destas actuacións a aquel investigador incluído nalguna das resolucións de concesión de convocatorias anteriores de ditas actuacións, independentemente de que teña chegado ou non a incorporarse a un centro de I+D.

No caso daqueles investigadores solicitantes que estean en posesión de mais dun título de doutor, os requisitos expresados no apartado 1 referiranse ao primeiro dos títulos obtidos.

PROCEDIMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O INVESTIGADOR CANDIDATO deberá:

A.-CUMPRIMENTAR o formulario electrónico de solicitude empregando os medios telemáticas que a Secretaría de Estado de I+D+i pon á súa disposición no seguinte [endereço electrónico](#)

anexando electrónica mente a seguinte documentación:

Currículo vitae do candidato. Cumprimentarase empregando o currículo en formato Currículo Vitae Normalizado (CVN) a través da páxina web <https://cvn.fecyt.es/>, xerando preferiblemente a versión en inglés.

Currículo Vitae Abreviado (CVA) do investigador titor. Cumprimentarase empregando o modelo normalizado dispoñible na web da Axencia ou ben a través da aplicación “Currículo vitae” normalizado dispoñible na páxina web da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), empregando a opción de xeración de currículo abreviado. En calquera caso, o CVA terá unha extensión máxima de 4 páxinas e presentarase preferiblemente en inglés (ou e español), con letra times new roman ou arial dun tamaño mínimo de 11 puntos; marxes laterais de 2,5 cms marxes superior e inferior de 1,5 cms e espazo mínimo sinxelo.

Historial científico-técnico dos últimos cinco anos do equipo de investigación no que se integrará o candidato. O equipo de investigación será o composto polo persoal investigador que desenvolva a liña/s de investigación na que se integrará o candidato. Deberá incluír a capacidade formativa pre e posdoutoral do equipo de investigación así como aquelas actividades ou programas formativos que se desenvolvan no seo do mesmo. Recomendase o uso do modelo dispoñible para esta actuación na páxina web da Axencia Estatal de Investigación, preferiblemente en inglés.

Copia do pasaporte en vigor, unicamente no caso dos cidadáns estranxeiros non residentes en territorio español.

Copia do título de doutor ou da certificación académica, onde figure indicación expresa da data na que se obtivo o grao de doutor, unicamente no caso de que a persoa participante obtivese o título de doutor nunha universidade estranxeira.

Os solicitantes que se acollan aos supostos de interrupción contemplados no artigo 42.1.b) deben facelo constar no formulario de solicitude e achegar documento acreditativo.

Os solicitantes que participen na quenda de persoas con discapacidade deben facelo constar no formulario de solicitude do investigador candidato e achegar documento acreditativo dun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. A non acreditación do grao de discapacidade implicará a desestimación da solicitude que non poderá ser considerada para a quenda de acceso xeral. Os que opten por participar pola queda de persoas con discapacidade non poderán cambiarse de quenda unha vez formulada a dita opción.

Aos efectos do proceso de avaliación, soamente se terá en conta a información contida no CV do investigador candidato e do investigador titor, e no historial científico-técnico do equipo de investigación na data de peche do prazo para a cumprimentación e sinatura polo investigador do formulario electrónico de solicitude. Non será posible a actualización posterior da información contida en ditos documentos. No caso de que se solicite subsanación, rectificación ou aclaración de tales documentos, a información que se aporte deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes, non aceptándose a inclusión de información que non estivera contida no documento orixinal.

Non poderá ser subsanada a falta de presentación do currículo vitae do investigador candidato, do currículo vitae do investigador titor e/ou do historial científico-técnico do equipo de investigación. A ausencia ou falta de contido destes documentos determinará a inadmisión da solicitude da axuda.

B.- ACHEGAR, á Oficina de Investigación e Tecnoloxía (Campus de Santiago/Lugo) **antes das 14 horas do día 29 de xaneiro de 2019**, os documentos que xere automaticamente a aplicación telemática.

MOI IMPORTANTE. A documentación anterior será entregada xunto co **documento de aceptación de presentación da axuda e o compromiso de cofinanciación** que pode atopalos no seguinte enderezo electrónico:

- [Compromiso de Presentación da Axuda](#) [doc - 41 KB]
- [Cofinanciamento Formación](#) [docx - 43 KB]

REQUISITOS DOS CANDIDATOS JUAN DE LA CIERVA INCORPORACIÓN

Os investigadores candidatos deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 72 da convocatoria específica do [subprograma Juan de la Cierva-Incorporación](#).

Non obstante, deberase ter en conta o seguinte:

Un mesmo investigador unicamente poderá ser incluído como candidato na solicitude dun Centro de I+D.

Un investigador titor soamente pode figurar como tal nunha única solicitude. Enténdese por investigador titor aquel que será o responsable directo da tutela e orientación do desenvolvemento profesional do candidato.

Estar en posesión do grao de doutor

No caso dos solicitantes da quenda de acceso xeral, a data de obtención do grao de doutor debe estar comprendida entre o día 1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2016. Entendese como data de obtención do grao de doutor, a data de defensa e aprobación da tese doutoral.

Cando concorran algunhas das situacións que se citan no artigo 72 da convocatoria aplicarase unha ampliación da data límite inferior para a obtención do grao de doutor.

Non ter presentado solicitude de participación ás axudas RAMÓN Y CAJAL na presente convocatoria, á data de remate do prazo de presentación de solicitudes para estas axudas indicada no artigo 9 da convocatoria.

Non ter sido beneficiario dunha axuda das convocatorias anteriores das actuacións Ramón y Cajal ou Juan de la Cierva-Incorporación. Entendese por beneficiario desta actuación a aquel investigador incluído nalguna das resolucións de concesión de convocatorias anteriores de dita actuación, independentemente de que teña chegado ou non a incorporarse a un centro de I+D.

Non ser beneficiario dunha axuda do Subprograma Juan de la Cierva-Formación, agás daqueles que a disfrutasen al menos un ano. Este período contabilizarase dende a data de incorporación efectiva ao centro de I+D ata o 1 de xuño de 2019, excluíndose desta contabilidade as suspensións do contrato. Entendese por beneficiario de calquera das

actuacións mencionadas a aquel investigador incluído nalgunha das resolucións de concesión de convocatorias anteriores de ditas actuacións, independentemente de ter chegado ou non a incorporarse ao centro de I+D. Non se considerarán beneficiarios aqueles investigadores que en data anterior á da publicación do extracto da presente resolución de convocatoria no BOE manifestasen expresamente a súa renuncia a tales axudas.

No caso de aqueles investigadores solicitantes que estean en posesión de mais dun título de doutor, os requisitos expresados no apartado 1 referiranse ao primeiro dos títulos obtidos.

PROCEDIMIENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O INVESTIGADOR CANDIDATO deberá:

A.-CUMPRIMENTAR o formulario electrónico de solicitude empregando os medios telemáticos que a Secretaría de Estado de I+D+i pon á súa disposición no seguinte [endereço electrónico](#)

anexando electrónicamente a seguinte documentación:

Currículo vitae do candidato. Cumprimentarase empregando o currículo en formato Currículo Vitae Normalizado (CVN) a través da páxina web <https://cvn.fecyt.es/>, xerando preferiblemente a versión en inglés.

Currículo Vitae Abreviado (CVA) do investigador titor. Cumprimentarase empregando o modelo normalizado dispoñible na web da Axencia ou ben a través da aplicación “Currículo vitae” normalizado dispoñible na páxina web da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), empregando a opción de xeración de currículo abreviado. En calquera caso, o CVA terá unha extensión máxima de 4 páxinas e presentarase preferiblemente en inglés ou en español con letra times new roman ou arial dun tamaño mínimo de 11 puntos; marxes laterais de 2,5 cms, marxes superior e inferior de 1,5 cms e espazado mínimo sinxelo.

Historial científico-técnico dos últimos cinco anos do equipo de investigación no que se integrará o candidato. O equipo de investigación será o composto polo persoal investigador que desenvolva a liña de investigación na que se integrará o candidato, deberá incluír a capacidade formativa pre e posdoutoral do equipo de investigación así como aquelas actividades ou programas formativos que se desenvolvan no seo do mesmo, recomendase o uso do modelo dispoñible para esta actuación na páxina web da Axencia Estatal de Investigación, preferiblemente en inglés.

Copia do pasaporte en vigor, unicamente no caso dos cidadáns estranxeiros non residentes en territorio español

Copia do título de doutor ou da certificación académica, onde figure indicación expresa da data na que se obtivo o grao de doutor, unicamente no caso de que a persoa participante teña obtido o título de doutor nunha universidade estranxeira.

Os solicitantes que se acollan aos supostos de interrupción contemplados no artigo 72.1.a) deben facelo constar expresamente no formulario de solicitude e achegar documento acreditativo.

Os solicitantes que participen na quenda de persoas con discapacidade deben facelo constar no formulario de solicitude e achegar documento acreditativo dun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% a non acreditación do grao de discapacidade implicará a desestimación da solicitude que non poderá ser considerada para a quenda de acceso xeral. Os que opten por participar pola quenda de persoas con discapacidade non poderán cambiarse de quenda unha vez formulada dita opción.

Aos efectos do proceso de avaliación, soamente se terá en conta a información contida no CV do investigador candidato e do investigador titor, e no historial científico-técnico do equipo de investigación na data de peche do prazo para a cumprimentación e sinatura polo investigador do formulario electrónico de solicitude. Non será posible a actualización posterior da información contida en ditos documentos. No caso de que se solicite subsanación, rectificación ou aclaración de tales documentos, a información que se aporte deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes, non aceptándose a inclusión de información que non estivera contida no documento orixinal.

Non poderá ser subsanada a falta de presentación do currículo vitae do investigador candidato, do currículo vitae do investigador titor e/ou do historial científico-técnico do equipo de investigación. A ausencia ou falta de contido destes documentos determinará a inadmisión da solicitude da axuda.

B.- ACHEGAR, á Oficina de Investigación e Tecnoloxía (Campus de Santiago/Lugo) **antes das 14 horas do día 29 de xaneiro de 2019**, os documento que xere automaticamente a aplicación telemática.

MOI IMPORTANTE. A documentación anterior será entregada xunto co **documento de aceptación de presentación da axuda e o compromiso de cofinanciación** que pode atopalos no seguinte enderezo electrónico:

- [Compromiso de Presentación da Axuda](#) [doc - 41 KB]
- [Cofinanciamento Incorporación](#) [docx - 43 KB]

CONSULTAS

Para consultar calquera dubida sobre a convocatoria poderá poñerse en contacto:

Consultas de carácter xeneral:

MINECO +34 912 582 852

Consultas: <http://www.idi.mineco.gob.es/portal/site/MICINN/contacto>

OIT-USC: Extensións 16215, 16213

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a todos os investigadores a súa comprensión e colaboración neste proceso, confiando poidan entender que os requirimentos establecidos soamente pretenden asegurar o cumprimento das esixencias establecidas pola Axencia Estatal de Investigación na convocatoria.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación